

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA N° 489/2016

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 18 de NOVIEMBRE/2016 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior: 21.10.16.

2º.- Aprobación de autorización de realización da actuación: “Reforma do pozo de bombeo Copenor e pozo de cabeceira da EDAR do Porto de Cabo”.

3º.- Aprobación de acordos para a posta en funcionamento do Punto de Atención Infantil (PAI)-Aula da Natureza. (Establecemento do servizo e forma de xestión, aprobación inicial do Regulamento de funcionamento co establecemento de tarifas coa natureza de prezos públicos).

4º.- Modificación das bases de execución do orzamento prorrogadas para o exercizo 2016, aos efectos de incluír na base nº 26ª VII unha subvención nominativa a favor da AA.VV. As Chaves de Loira.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- Dar conta ao Pleno de decretos da Alcaldía. Relación núm. 10/2016.

6º.- Dar conta de sentenza do Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ferrol no recurso P.O. 473/2014.

7º.- Dar conta de información económica referente a:

.- Execución trimestral orzamentaria (3º trimestre).

- .- PMP (Período medio de pago)
- .- Liñas fundamentais dos orzamentos.
- .- Custo efectivo dos servizos 2015.
- .- Informe sobre cumprimento de prazos para o pago das obrigas do concello previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, (modificación Lei 3/2004 de 29 de decembro), pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, do 3º trimestre do 2016.

8º.- Rogos e preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Valdoviño a 15 de novembro de 2016

O ALCALDE,

Asdo: Alberto González Fernández